

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CAMINO ESCENA NORTE, AIE PARA O DESENVOLVEMENTO EN GALICIA DO PROGRAMA DE INTERCAMBIO CULTURAL "CAMIÑO ESCENA NORTE 2022"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar con Camino Escena Norte, AIE o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **o día de sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2022.**

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento do marco de colaboración entre as partes para o desenvolvemento en Galicia do programa de intercambio cultural "Camiño Escena Norte 2022", que se concreta coa programación de nove funcións de compañías de artes escénicas procedentes de Asturias (El Callejón del Gato, Fantastique Company e Zig Zag Danza), Cantabria (La Machina Teatro e Escena Miriñaque), País Vasco (Erre Produkzioak e Vaivén Producciones) e Navarra (La Banda Teatro Circo e La Caja Flotante), baixo a denominación "Itinerario Constelacións", que se poderán ver en diferentes espazos escénicos ou ben en espazos de alto interese patrimonial e histórico e espazos ao aire libre entre o 10 de setembro e o 9 de outubro de 2022.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

Camiño Escena Norte é un proxecto froito da unión estratéxica das asociacións profesionais de produción escénica das comunidades do norte polas que transcorre o Camiño do Norte: Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco, que aglutinan a máis dun centenar de compañías produtoras de teatro, monicreques, danza e novo circo reflexo da enorme calidade, variedade e diversidade das artes escénicas galegas, asturianas, cántabras e vascas, e que este ano se ve incrementada ao sumarse, como comunidade convidada, a Comunidade Foral de Navarra.

Camiño Escena Norte artículase ao redor dun itinerario de intercambio cultural entre estas comunidades ofrecendo un "camiño escénico" dende o que amosar a diversidade cultural, lingüística e de formatos e linguaxes escénicas da produción escénica galega, asturiana, cántabra e vasca e agora navarra. Un proxecto que suma á súa vertente cultural a dinamización social e turística e de intercambio entre as comunidades autónomas participantes, cunha intensa programación escénica que pretende, ademais, multiplicar as posibilidades de relación co público con actividades de encontro e reflexión, de creación ou de participación. Entre setembro e outubro, un itinerario de funcións de teatro, danza, monicreques e novo circo percorrerán os cinco territorios, complementada cunha extensa programación expandida coa intención de mostrar o mellor das artes escénicas de cada un dos territorios participantes.



Galicia súmase, así, a este programa de intercambio cultural acollendo un itinerario de funcións do mellor das artes escénicas asturianas, cántabras, vascas e navarras dende as que amosar a calidade, diversidade de linguaxes a estéticas e valor cultural das artes escénicas das comunidades do norte.

A Agadic e a entidade consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2022 que afonden na promoción e potenciación do sector escénico a través da colaboración nesta iniciativa, que destaca pola súa aposta por acadar unha maior interacción entre profesionais e público dos distintos territorios que atravesa a ruta histórica do Camiño do Norte, que debe derivar, de certo, nunha maior riqueza na oferta cultural para os espectadores, que poden ter acceso, así, a producións escénicas doutros territorios, e enriquecendo deste xeito a proposta cultural do Camiño á vez que o potencia como destino turístico-cultural.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

